



O pleno de Redondela rexeita unha modificación urbanística en Vilavella

O PP cambia de opinión e o PSOE tamén vota finalmente en contra

A corporación municipal finalmente non aprobou o proxecto de modificación urbanística pola cal **un solo rústico pasaría a ser urbanizable**, e no que se proxectaban vivendas, unha área comercial, zona verde e había sitio para unha estación de autobuses, un hotel e dependencias do Concello. Un proxecto que propuña un grupo de 7 inversores que forman unha sociedade chamada Unión Comercial de Redondela.

A través dunha moción "de urxencia" presentada polo PSOE, no pleno ordinario do pasado 28 de novembro, **todos os grupos representados no Concello (PP, PSOE, BNG e AER) pronunciáronse rexeitando por unanimidade esta modificación urbanística**. Esta proposta de recalificación, tal como está redactada actualmente, xa ía ser tratada no pleno extraordinario que se celebrou o 20 de novembro, aínda que no último momento, o alcalde decidiu retirar este punto sen dar explicacións no mesmo pleno. Por isto, a Agrupación de Electores de Redondela, pediu a comparecencia do alcalde e de vari@s concelleir@s para que deran explicacións públicas sobre este proxecto e sobre como o pretenderon aprobar.

Durante a moción do PSOE, o concelleiro de Interior limitouse a dicir que estaba a favor da moción, pero negouse a debater, o que provocou o enfado no grupo municipal "socialista", que decidiu abandonar o pleno na comparecencia de Arturo González (durante a cal o PSOE non podía intervir). A voceira do BNG, Cecilia Pérez, considera que o proxecto **presentouse ás costas do sector comercial**, que sen o apoio do sector é inviable; pensan que en 10 anos a situación

cambiou moito e queren que se potencie Redondela como centro comercial aberto. Non lle parece axeitado que Alberto Pazos fale disto nos medios, e menos que acuse ao BNG de mentir.

O voceiro do PSOE neste asunto, Luís Orge, recoñeceu que presentaron a moción para que se debaterá no pleno e non dando "espectáculos lamentables" nos medios, dixo que **non poden apoiar un proxecto que non ten informes xurídicos que avalen tanto o interese xeral coma a viabilidade económica**. Afirmou que os comerciantes non estaban ao tanto deste proxecto. Dixo que foi ao rexistro para ver como está o solar, e resulta que ten unha hipoteca de 1.500.000 € de Novagalicia Banco, pero a finca ten só un valor de 160.000 €. Considera que os propietarios presionaron ao equipo de goberno para que o aprobara.

O voceiro de AER, Alfonso Blanco "Pochi" manifestou a súa sorpresa polo bombo que se deu a este asunto e ao final resulta que todos están en contra...

Na súa comparecencia, o concelleiro de Urbanismo e Interior, Arturo González, "en perfecto castellano" lembrou que este proxecto naceu hai uns dez anos, retomouse antes das eleccións do 2011, e como non se axustaba á lei, o PP modificouno para que tivera os informes favorables, e tamén para que fose interesante para Redondela. O concelleiro "popular" pensa que tramitaron o asunto con transparencia, pensaban que tiña o apoio dos comerciantes locais e explicou que levaron a proposta ao pleno extraordinario porque non contaban co voto en contra do PSOE.

A Agrupación e Electores non quere nin especulación nin destrución do comercio local

A transparencia e a participación cidadá, único camiño válido para unha Redondela "con maiúsculas"

Coas nosas premisas de total transparencia cara aos veciños e veciñas do noso pobo, de fomentar a participación cidadá na vida social e política e a consulta co asociacionismo sectorial cando proceda a toma de decisións relevantes, **AER desmárcase por completo das políticas pouco transparentes do goberno local**, neste caso, coa modificación urbanística que pretenden facer no lugar do Canabal en Vilavella.

A primeira pregunta que nos facemos é o por que do emprazamento seleccionado. Quen acordou ou en base a que planificación e estudo urbanístico previo se decanta por esta localización e non por outras? **Quen se vai beneficiar desta recalificación urbanística dun solo rústico a un solo urbanizable coa conseguinte revalorización exponencial do metro cadrado do solo?** Xustifican o interese público desta modificación cun hotel, unha estación de autobuses e oficinas municipais. Imos unha por unha.

- **HOTEL.** Quen vai construír o susodito hotel? Que propostas firmes existen ao respecto? Cales foron os criterios avaliados para establecer esa zona como apta para construír o hotel? Porque di "posible ubicación". Porque non hai proposta en firme ou porque xa veremos se facemos un hotel ou deixámolo como edificio de apartamentos. Parécelles a mellor ubicación "turística" para un hotel?

- **ESTACIÓN DE AUTOBUSES.** Cantas liñas de autobús temos en Redondela? Cantas delas dormen en Redondela? Necesitamos unha estación de buses na saída de Redondela cara Vigo ou necesitamos boa comunicación coa estación de ferrocarril, paradas ben dotadas e coa información actualizada de horarios e unha boa rede interparroquial? Que empresas de transporte público teñen interese e necesidade desta instalación? Quen vai construír a estación de autobuses? Vai converterse nun lastre deficitario? Van aumentar as liñas de transporte público por estrada tanto a nivel intermunicipal como intramunicipal? Non se converterá nun simple almacén de autobuses en vez dunha verdadeira estación nodal? Que pasa coa intercomunicación coa estación de

tren? Ah, e o máis importante, ¿en base a que estudo de necesidade de transporte público que descoñecemos se fai esta proposta? No concello non se adecentan as actuais paradas (moitas en estado de abandono) outras nin existen (non hai máis que ver cando o autobús que vai para Fornelos para na Farola, faino no medio dunha rotonda para coller as persoas que esperan na beirarrúa), nin se crea un servizo municipal con información, pero quérese construír unha estación de autobuses nun extremo de Redondela onde ninguén vai facer nada: a xente das parroquias cando acude a Redondela é para realizar xestións no Concello, nas entidades financeiras ou para acudir ao centro de saúde. ¿Vaise crear unha liña de autobús urbano que conecta o centro médico coa estación de autobuses? **¿Que pretenden facer, unha estación intermodal que dea servizo a toda a comarca, mellore e fortaleza as liñas existentes, aumente as liñas con polígonos e outros núcleos próximos; ou vai ser un simple apeadoiro de autobuses** igual que o que construíron coa pretendida estación ferroviaria dos Eidos? Comentar a afirmación de "*necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal*" que "*vienen demandando*": debe ser algo que nos pasou desapercibido. Porque do que si temos constancia é da demanda de marquesiñas, información de horarios, servizos coas parroquias, etc.

- **DEPENDENCIAS MUNICIPAIS** (emerxencias, oficinas municipais, etc). Cales son esas necesidades para instalacións municipais? Cales son as dotacións das que se atopa necesitado o municipio? Na memoria fálase, da cantidade de locais e instalacións municipais, e esquécense dunhas cantas. Se aínda non foron quen de iniciar o novo pavillón da Marisma nin dar solucións ao centro de día de Trasmañó, como se van a levar adiante estas pretendidas novas dotacións? En canto a Emerxencias, **non son quen de solucionar o desastre do Grumir e dos servizos de emerxencias de Redondela, e pretenden construír novas dotacións para emerxencias!!! Parece unha tomadura de pelo.**

Que opinan ao respecto os membros do servizo de emerxencias? Pero tanto os que están traballando como os que se perderon no seu día, que opinan? Construír unha nova sede de emerxencias pantasma?

- **SOLO PARA ZONAS VERDES.** Que van facer, un parque forestal, unha área recreativa, un centro de interpretación da natureza...? Ou esas zonas verdes serán paseos adoquinados con plátanos ou magnolios plantados cada 10 metros de distancia?. Mencionan *"un corredor verde nos terreos lindantes ao ferrocarril ante a inminencia de que desapareza o seu uso"*... pois está ben o conto, xa dan por levantada a liña do ferrocarril a Ourense e a creación dunha senda verde... isto é moito prognosticar, ou non? Nós claro que imos estar dacordo en crear zonas verdes que complementen ás diversas xa existentes en Redondela: alamenda, parques infantís, pequenos xardíns urbanos, zona de ribeira do río Maceiras, Río Pexegueiro (recentemente invadido cunha magnífica retroescavadora), zona da Marisma, os diversos montes periurbanos, etc. Pero... a quen se lle ocorre xustificar a necesidade de crear unha nova zona verde xustamente nunha zona que xa é zona verde de por si? Recordemos que é solo rústico.

- **SOLO COMERCIAL.** Pois non sabemos por que o presidente da Asociación de Empresarios alardea do "Centro comercial aberto". Quere agora que sexa "Centro Comercial Pechado"? Non dubidamos que se crearán postos de traballo. Tantos coma os que se destruírían no comercio local. Se tal como se nos dixo na comisión na que se tratou este tema, as negociacións para que se instale un "Mercadona" no antigo almacén de Disgobe-Schweppes están moi avanzadas:hai mercado en Redondela para todas estas grandes superficies ademais do pequeno comercio? Consultou o Sr. presidente da Asociación de Empresarios cos socios, e cos pequenos empresarios? Na última asemblea celebrada o 12 de decembro quedou ben claro que non. Que queremos, grandes superficies ou comercio local? Informará o Sr. Alcalde de cales son as empresas que *"se han dirigido al ayuntamiento buscando suelos propicios"*? Se hai tanta necesidade comercial, por que pechan os comercios?

- **SOLO RESIDENCIAL.** De que estamos falando? Ou sexa, na zona de Vilavella atópanse decenas de vivendas baleiras e algunha nova urbanización pantasma e resulta

que hai que habilitar máis solo residencial? Isto supera calquera tipo de espermento posible... O que fai falla antes de avanzar na configuración urbanística do noso concello é baixar os cóbados, poñerse e levar adiante o tan perxurado Plan Xeral de Ordenación Municipal. Vostedes queren botar o carro diante dos bois.

Con carácter de urxencia lévase a pleno extraordinario unha proposta de modificación de solo: pasar de solo "rústico común" a urbanizable. A primeira sorpresa atopámola no primeiro punto, 1.1. *"La presente propuesta de modificación puntual se redacta por encargo del Excelentísimo Ayuntamiento de Redondela."* Certo que descoñecemos en que data se fixo ese encargo pero resulta curioso que figure como encargo do Excmo. Ayto. de Redondela un cambio de cualificación urbanística para unha zona na que o Concello carece de propiedades e todas elas pertencen a particulares: *"La propiedad se reparte entre Unión Comercial de Redondela S.A. [...] representado por D. José Antonio [...] (presidente de AER, sector empresarios) 1ª, como propietaria del 91,5% del ámbito; Dña Aurora [...] como propietaria del 4,9% del ámbito y D. Juan José [...] 3,6% del ámbito, según se refleja en el plano"*. Lembremos que, descontados os dominios de ferrocarril e estradas, estamos a falar de 35.754 m2. Algo así coma sete campos de fútbol de 50x100. ¿Qué xustificación hai para esta transformación de solo rústico común en urbano? Antes de nada debemos aclarar que sorprende esta determinación nun equipo de goberno que se comprometeu a levar adiante o PXOU neste mandato. Debe estar moi lonxe esa actuación para que non se poida esperar. De momento só falamos do que supoñen as xustificacións para a modificación da norma. Pero non é todo. Hai que falar das etapas e dos custes económicos para o Concello en mantemento. Porque as contas fainas como se os ingresos foran moi rápidos e as etapas de edificación fían para 12 anos ou máis. Pero o mantemento empezará na primeira etapa, e os impostos só se recadarán cando a zona estea a pleno rendemento.

Convócase un Pleno "EXTRAORDINARIO" nun venres para o mércores seguinte día 20 "AS DÚAS DA TARDE", e retírase da orde do día un punto sen explicación algunha e negándolle a palabra ao representante de AER cando pide explicacións polas causas desta retirada.

